



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 01 DE MARZO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00009972T.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. COMERCIO. Referencia: 2022/00008593R.

Aprobación da convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros de Santiago de Compostela, “Bonos Corazón Concheiros”, e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do gasto por importe de 75.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890102.

Segundo.- Aprobación da convocatoria de concesión das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do Concello de Santiago “Bonos Corazón Concheiros” e apertura do prazo de adhesión ao programa para os establecementos interesados.

Terceiro.- A publicación da convocatoria no BOP de A Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. COMERCIO. Referencia: 2022/00004608H.

Designación da entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería na contorna da rúa dos Concheiros “Bonos Corazón Concheiros”.

Acórdase designar a Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería na contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.